

Santiago Argüeso Galván

REVIVIR

Marzo. Luz de vida.
Cansazo da penumbra.
Alas que veñen de voar
coas facianas enxoitas.
Que non vos oian chorar!
Miña nena revivíu.
Os seus ollos abertos
deixan ver o solpor.
Unha brisa de risa
que sen presa présa
vai baixando o empedrado
daquela miña rúa dorida.
Aí estás saudade,
aquele seu cravo,
inalienábel ardor
que no peito afonda.
Non sufras miña rula,
loitaremos por ti,
aqueles náufragos da vida
sen te deixar olvidar.
Ére-la nosa lenda,
o noso símbolo,
o meu amor,
Aquela sua luz de vida de Marzo.

Á MURALLA DE LUGO

Que bonita es.
Tes cheiro a historia
e sabor a costume,
tan rexa como airosa.
Centinela da vila en que nacín.
Pedra sobre pedra erguida,
es o orgullo do pobo que te mira,
que te adora e protexes.
Ti, que viches a vida pasar dende as túas fiestras,
que te aferraches ao chan aínda cando non te querían,
que nos enches de plena fachenda por cada unha das túas rochas.
Nós, os teus fillos, fillos do teus pais, queremoste aí, erguida, guardiá, eterna.

REMORSOS

Xa cruzámo-la Estixia,
 xa cumprimos con Creonte,
 xa nos agardan aló abaixo,
 os remorsos remataron
 Culpables do estrume
 que deixamos nas calugas
 de imperdoábel redención
 os remorsos remataron
 Houbemos ser castigados
 non o fomos! Bendita faciana
 tiñámo-lo todo, quedastes sen nada
 remataron os remorsos
 Ca alma esfarangullada
 as costas rachadas
 e o peito esnaquizado
 remataron os remorsos.

A LUÍS PIMENTEL

Ningún, ninguén, ningures.
 Bendito legado da terra
 que en nós conferiu
 Deixou vostede pegada
 naqueles discípulos novos
 que pensaron na súa persoa
 para deixar eles aquela súa pegada
 A flama muralla Lugo bendito
 O neno do enterro no inverno.
 Negras campás, outono, nouturno, Galiza
 A Galiza negra da súa vida,
 vostede, que todo o entregou,
 todo llo quitaron naquel soto umbro.
 Carabela de xeadada.
 Pantomima. Entrou a mañá na súa vila.
 Na miña vila, na nosa vila.

“Pois ningún poeta soupo soste no seu carrello
 o peso do teu clamor.”

TI, QUE CHORACHES Á BEIRA DO SAR

Ti, que choraches á beira do Sar,
 depauperada, feble, de ferro,
 na túa casiña preto, terra, lonxe, mar.
 Fixeches dunha vida, unha historia.
 A negra sombra que conseguíu asombrarte,
 cando a xustiza te fallou, e foi verdugo o teu chorar.
 Inalienable cravo que non lograron arrincarte,
 ti, soa, na túa soidade, venciches.
 Rexurdiches! Non te ían amolar!